O fútbol-máquina e o fútbol-arte encontráronse na final, xogada por **Checoslovaquia e Brasil**. Ambos os dous equipos xa se tiñan enfrentado na 1ª fase co resultado de empate a cero goles. A mellor dianteira do mundo (Garrincha-Didi-Vavá-Pelé-Zagalo) non logrou vencer a resistencia do novo sistema defensivo.

Sorprendentemente, na final, aos 14 minutos, **MASOPUST** adianta aos checos no marcador. Brasil non podía contar coa súa gran figura, "O Rei PELE", lesionado. Pero foi o seu substituto **AMARILDO**, xustamente, quen marca o gol do empate. Logo o propio Amarildo dou o centro que o medio de ataque **ZITO** transformou no segundo gol brasileiro. **VAVA**, aproveitando un fallo do porteiro checo, completou o marcador. Brasil xa era bicampeona do mundo.

ALFREDO DI'STEFANO

Este tiña que se-lo Mundial de Di'Stéfano. O xogador arxentino, que levaba anos triunfando no Real Madrid, era para moitos o mellor xogador do Mundo, superior incluso ao mesmísimo Pelé. Nacionalizado español, o fracaso de España, eliminada na fase clasificatoria dos dous anteriores mundiais, non lle permitiu mostrar a súa extraordinaria clase no máximo acontecemento do fútbol mundial. Esta era a súa derradeira oportunidade, pero desgraciadamente unha lesión impediu o agardado encontro con Pelé, encontro imposible tamén porque o propio Pelé tampouco puido xogar fronte a España por lesión. O mundo quedou sen poder decidir quen era o "Rei dos Reis" do fútbol mundial.

Di'Stefano era un xogador de raras características, cunha personalidade forte e agresiva, que se traducía no seu fútbol. Todo o xogo do seu equipo tiña que pasar polas súas botas. Desde o centro do campo distribuía os balóns e ordenaba os ataques. Pero a súa gran capacidade física permitíalle baixar a defender para logo participar



tamén activamente no ataque. Era un gran goleador, tanto co pé como coa cabeza e incluso co tacón.

IASHINE

Porteiro do equipo da U.R.S.S., durante algúns anos foi considerado o mellor no seu posto. De gran estatura, era de estilo sobrio, caso nunca recurria a actuacións espectaculares. Sinxelamente impuña a súa magnífica colocación e a súa envergadura, de xeito que semellaba cacha-los balóns soamente estalando os brazos. Como gostaba de vestir sempre de negro, puxéronlle o alcume de "araña negra".

FALANDO

Hablamos con Joán Manuel Gisbert

Una original forma de hacer literatura

ANTONIO GARCIA TEJEIRO

Hablar de Joan Manuel Gisbert es un auténtico placer. Este conocido autor catalán creador de un espacio literario más que personal, acerca a los jóvenes a una literatura imaginativa y llena de fascinantes enigmas.

La aventura toma una original forma en sus relatos, nunca al margen de la intriga y la fantasía, aunque con el hombre como tema central de su mundo novelesco.

Libros como "Escenarios fantásticos", "La noche del viajero errante", "El extraño adiós de Odier Munro", "La Sónambula en la ciudad-labirinto" todos ellos en Labor; "El misterio de la isla de Tokland" (Premio Lazarillo 1980), "Leyendas del Planeta de Thamyris" o "El Museo de los Sueños", editados por Espasa-Calpe en "Austral Juvenil", son algunos de los títulos más importantes de este escritor, auténtico renovador de una literatura infantil española necesitada de aires nuevos.

Sus puntos de vista son profundos y de un gran peso específico. Lean, lean sus respuestas, a las cuestiones que tuve el placer de formularle.

—Entiendo que Joan Manuel Gisbert ha aportado una temática y un modo de escribir verdaderamente novedoso en el campo de la literatura infantil en España. ¿Eres consciente de ello? ¿Cómo se llega a esa consciencia?


—En los primeros momentos no lo fui, no podía serlo. Escribí "Escenarios fantásticos" y "El misterio de la isla de Tokland", mis primeros libros, dando rienda suelta a lo que había incubado en años anteriores, por el puro placer de canalizar lo que me surgía casi inconscientemente y disfrutado mucho en ello. Después, muy pronto, la buena acogida dispensada a ambas obras por parte de algunos de los colectivos más interesados por la nueva literatura para jóvenes lectores —en especial, Acción Educativa— me llevó a pensar que los textos que yo ofrecía aportaban algo singular o innovador. Entonces decidí no abandonar el camino emprendido de manera tan gratificante. Ahora, seis años después, me felicito por ello y por la buena fortuna que me acompañó en los siempre difíciles inicios.

—Yo me encuentro con muchachitos de trece o catorce años, a los que les aburren Verne, Melville o Stevenson, por ejemplo, pero leen tus obras con auténtico placer. ¿Puedes explicarte este fenómeno?

—No es sorprendente, en general, que una obra escrita en nuestro tiempo cuente, de entrada, con determinadas ventajas para sintonizar con los lectores de hoy: una mayor adecuación del lenguaje y de su agilidad expositiva, mejor correspondencia de intereses temáticos como fruto de un tiempo histórico común; mayor proximidad generacional entre autores y lectores, imaginaria derivada de influencias en parte compartidas, etc. En mi caso personal puede también ayudar el hecho de que me planteo la escritura como una exploración, como una investigación intuitiva y abierta que trata de sondear nuevos aspectos de la Realidad Total, en una de cuyas pequeñas provincias vivimos. el lector se siente, y es, partícipe y agente de esa exploración, puesto que él la completa y la recrea, y define en parte lo que en la obra queda deliberadamente indefinido.

—Tú eres un escritor de libros de aventuras, pero en contextos que se mueven entre la intriga, la ciencia y un cierto avance hacia lo desconocido. ¿Cuáles son, a tu juicio, las características que ha de poseer un libro de aventuras para que interese a los lectores de hoy?

—En línea con la respuesta anterior, ampliándola, diría que la aventura, en lugar de ser una acción autosuficiente en la que al fin todo quede explicado y consu-



mado, ha de constituirse en movimiento de tránsito que lleve al lector a un nuevo umbral que se abra a nuevas incógnitas, porque la aventura, globalmente considerada, no puede cesar nunca. Ya no basta con encontrar olvidados tesoros, atravesar selvas vírgenes o hacer viajes en globo. Ahora la exigencia temática es mayor porque la ruptura con lo cotidiano necesita de un mayor esfuerzo de búsqueda.

—A pesar de los elementos enigmáticos, de los temas que llevan al lector a explorar lo misterioso, de esa confianza en el frío desarrollo científico, noto en tus escritos una gran ternura por el hombre. ¿Qué papel juega este hombre en el mundo literario de J.M. Gisbert?

—El de un ser que trata de iluminar alguna de las muchas zonas aún oscuras de su interioridad psíquica al mismo tiempo que intenta acariciar el primer eslabón de la cadena de misterios del Universo. Ese doble impulso le demanda una decidida voluntad de crecimiento humano y la firme decisión de mirar abiertamente dentro de sí mismo y de especular con las abstracciones cósmicas. Pero es también un ser frágil, todavía pigmeo en una empresa de gigantes, sujeto a toda clase de zozobras, precipitados apasionamientos y errores, entre los que, sin embargo, puede advertirse a veces el destello de una nueva y transformadora lucidez.

—¿Son algunos de tus libros una sucesión, dentro del s. XX, del espíritu que guió a los de los grandes escritores de novelas del s. XIX?

—Sí, decididamente quieren serlo. Alguno de mis libros, "El misterio de isla de Tokland", por ejemplo, con su arranque tan típicamente verniano, es hijo de mis lecturas de aquella inolvidable novelística. Pero, como decíamos antes, los móviles profundos de la aventura son ya otros: ha habido, por una parte, un desplazamiento del espacio externo geográfico al espacio interior humano y, por otra, una debilitación de la importancia del tiempo presente en la aventura en beneficio de la perspectiva abierta que deja lo narrado tras su culminación en el texto. Además, y creo que esto es algo muy importante, el poder de la imaginación intuitiva y creadora ocupa una buena parte del espacio tradicionalmente reservado al valor, la destreza física o la audacia en el combate.

—Muchas veces se ha tachado a tu forma de escribir como barroca. Recuerdo los dos estilos que conviven en "La Noche del Viajero Errante" uno de tus libros

que más han gustado. ¿Escribir es para tí un ejercicio literario más allá de la temática buscada?

—Sólo en algunos casos, de los que "La Noche del viajero errante" es, en efecto, claro ejemplo. Por lo general, lo que me rige en el momento de escribir es la vivencia imaginaria de la escena o la situación y la creación de sus derivaciones inmediatas. El barroquismo del lenguaje surge, no como consecuencia de una búsqueda estilística por encima de la materia argumental sino precisamente, del carácter barroco o multiforme de la acción y de sus imágenes, es decir, de algo previo a la intervención ordenadora del lenguaje.

—¿En qué se diferencian tus relatos de la llamada novela de ciencia-ficción tradicional?

—Son ya tantas y tan diversas las obras adscritas o adscribibles a la ciencia-ficción que se hace ya difícil establecer cuáles son sus líneas más características y, más aún, encontrar diferencias con respecto a ellas. Personalmente, prefiero sentirme en relación con aquello que podríamos denominar lo **fantástico contemporáneo** que incluye, claro, algunas zonas de la ciencia-ficción, pero también otras literaturas como, salvando todas las distancias, los cuentos de Borges y Cortázar o las figuraciones de Italo Calvino.

—Como final te voy a traspasar una pregunta planteada por un alumno mío, gran entusiasta y conocedor de tu obra. Dice que "en casi todos tus libros el personaje principal mantiene un aire misterioso. No se revela la identidad del sujeto, su procedencia o su pasado. Casi no se sabe nada de él. ¿Lo haces a propósito para infundir curiosidad y tensión en el lector o es mera casualidad"?

—No obedece a un propósito deliberado ni a motivaciones que yo pueda explicar muy fácilmente, pero tampoco creo que sea un simple fruto de la casualidad. Acaso se deba a que, en un contexto de exploración y avance hacia lo desconocido, la misma identidad del protagonista forma también parte de la búsqueda, de las incógnitas presentes en el relato, como si lo sustancial de su personalidad oculta fuese a quedar definido más por su modo de actuar en la aventura y por la experiencia adquirida durante la misma que por sus circunstancias personales anteriores. Es decir, descubriendo aquello que persigue o investiga, se descubre también a sí mismo o descubre algo importante de sí mismo que ignoraba.

● **Serie Historia de la Filosofía.** Coordinadores: Carlos Díaz, Manuel Maceiras, Manuel Padilla. Editorial Cincel.

A Editorial Cincel presenta unha colección, que pola súa concepción, presentación formal e temas escollidos, está claramente pensada para servir de material de traballo para os estudantes de filosofía no bacharelato. Os títulos coinciden significativamente cos do programa de "Historia da Filosofía" de COU, e algúns ((*¿Qué es filosofía? El hombre y su mundo, La psicología hoy: ¿organismos o máquinas?*, etc), cos da "Introducción a Filosofía" de 3.º. Sen dúbida, moitos profesores atoparán nestes textos —que pretenden combinar sinxeleza e rigor— senón o sustituto, cando menos o complemento necesario dos tradicionais libros de texto.

● **COLECTIVO ESTEO** (A. Cabo, X. López, P. Martín, X.I.R. Eguibar). **Coa Xente Miúda I** (Ciclo Inicial). Via Láctea, Santiago 1985.



O conto da Sabela que un día perde a súa goma de borrar con figura de rato nun burato da casa e indo por él descubre á xente miúda que vive nos buratos das casas. Un divertido conto que os autores propoñen como texto de lectura para o ciclo inicial. Ilustrado por uns estupendos debuxos de Frago.

● **Educación y Sociedad.** Revista interdisciplinar de la educación. Publicación trimestral. Akal editor, Madrid 1985.

Abrese este interesantísimo número cunha defensa das teorías da reprodución en socioloxía da educación, a cárrego de Mariano Fernández Enguita, seguido xustamente dun traballo dun dos principais críticos desta tendencia, Michael W. Apple ("El marxismo y el estudio reciente de la educación"). O predominio dos temas de socioloxía de educación mantense en xeral en todo o número, cun artigo de Radl Phillip e Santos Rego sobre Basil Bernstein e a sociolingüística, seguido dun texto do propio Bernstein, mais unha crítica das súas teses por W. Labov. Alonso Hinojal fai unha breve historia das principais correntes en socioloxía da educación, onde, unha vez máis, o principal protagonismo se lle concede á análise das teorías de Bernstein. Completan o número, entre outros, unha aportación de Geoff Whitty sobre a actual tendencia á privatización do ensino, centrado sobre a política educativo do goberno Tahtcher, e unha análise dos "códigos de xénero" na escola española por Marina Subirats.

TABLON

Unha asociación para a creación de audiovisuais en Galicia

Despois das Xornadas Pedagóxicas Municipais de Imaxe e Educación organizadas polo Concello de Vigo e dado que o Obradoiro de Creación Audiovisual se fixo cargo da coordinación técnica das mesmas, e, ademais se presentaron experiencias de Torino (Italia), da Facultade de Ciencias da Información de Madrid, de Catalunya, etc., consideramos que cómpre darse a coñecer á opinión pública e, sobre todo, ó mundo do Ensino, desde a Consellería de Educación ate os profesores de calquera nivel. Darse a coñecer tamén a outros concellos ou entidades informándolles de que existe a posibilidade de difundir unha serie de produción audiovisuais galegas de tipo cultural que ten feitas a nosa Asociación.

1.-¿Qué é o Obradoiro?


O Obradoiro Galego de Creación Audiovisual nace en Vigo no ano 1982. Un grupo de persoas composto por fotógrafos e técnicos de son e de imaxe, cunha común inquietude pola difusión cultural sen criterios exclusivistas, constitúese en colectivo e decide a comenza a traballar no eido da creación audiovisual incorporando as novas técnicas que se viñan aplicando en Europa e noutras zonas do Estado que permitirán dotar de espectacularidade á proxección de diapositivas, convertíndoas así nun acto cultural autónomo, orixinal e fermoso.

Nun principio comenzo a realización de audiovisuais nunha modalidade simple; dous proxectores fundindo imaxes nunha pantalla, o que permitía xa introducir un discurso visual elemental. A inclusión na montaxe da técnica informática significou un salto cualitativo ó poder traballar nunha segunda modalidade de audiovisual máis rica en imaxes aínda que máis complexa na súa realización. O sistema ideado componse dun equipo coordinado por medio dun microprocesador que controla os tempos de emisión de imaxes de oito proxectores en tres pantallas. Paralelamente un equipo hifi emite a banda sonora que está sincronizada coa imaxe. Esta modalidade de Multivisión abre novos horizontes na linguaxe audiovisual, a posibilidade de simultanear oito imaxes enriquece a capacidade expresiva do medio.

2.-Actividades e producións do Obradoiro.

Ano 1982. O "obradoiro" inicia a súa andadura con motivo do "Día das Letras Galegas" cun audiovisual dedicado a Lois Amado Carballo, poeta dun tempo, do que destaca a súa proxección na Casa da Cultura de Vigo dentro do homenaxe do Axuntamento de Vigo a Lois Amado Carballo. No mesmo ano e por encargo do Concello de Tomiño estrena "Xeografía, Economía e Vida Social de Tomiño".

Ano 1983. Realiza a montaxe do tema "O Xogo e o Xoguete" para o Departamento de Educación do Concello de Vigo que é estrenado nas Primeiras Xornadas do Xogo e o Xoguete celebradas neste Concello no mes de Nadal. Neste mesmo ano e con motivo do "Día das Letras Galegas" prepara un traballo sobre "Ma-



nuel Leiras Pulpeiro", proxectado en Mondoñedo e Vigo. Posteriormente outro sobre "Eduardo Blanco Amor" para os concellos promotores do premio de novela do mesmo nome. Estrénase en Soutomaior con motivo da entrega de premios, é programada pola Caixa de Aforros de Vigo como de Ensino Medio de Vigo, Moaña, Cangas, e Ourense.

Ano 1984. Tamén dedicado ás "Letras Galegas", realia "Poética", que recolle poemas de dez poetas galegos, sendo proxectado nas principais cidades galegas por encargo da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, tamén recollido na programación do Concello de Vigo dentro dos actos da "Bial de Fotografía", na do Concello de Cangas con motivo das Festas Patronais e numerosos centros de Ensino de toda Galicia. Neste ano estrena "Moaña" por encargo deste Concello, "O Antroido de Laza", presentado nas "Xornadas Monográficas de Tradición e Modernidade" celebradas en Sargadelos e no Congreso de Animación Sociocultural celebrado en Santiago; audiovisual que foi recollido nas programacións culturais da Caixa de Aforros de Vigo, Concello de Vigo, Cambados, Ferrol, Auditorio da Caixa Galicia en Santiago e en numerosos centros culturais e de ensino de toda Galicia. Neste ano realiza tamén o audiovisual "As Cantigas de Santa María", patrocinado pola Dirección Xeral de Cultura con motivo do ciclo de actos en "En Loo de Alfonso X" celebrado en Santiago.

Ano 1985. O "Obradoiro" presentou unha montaxe sobre o escritor Alvaro Cunqueiro e encetou un traballo de difusión máis importante a traves da colaboración de Entidades e Concellos coma o de Vigo, Cangas, etc. ou a Caixa de Aforros de Ourense e a Diputación Provincial. Entidades que colaboran e contratan a difusión destes traballos polos centros de Ensino desde E.X.B. ó Bacharelato ou a Formación Profesional por seren traballos eminentemente pedagóxicos.

Ano 1986. Neste ano realizase un traballo sobre O Mar e está a piques de estrenarse o Audiovisual "Castelao". Ademais están en fase de montaxe outros coma "Os Ancares", "Un día no mar" dirixido ós rapaces do interior de Galicia e un conto inédito "en galego" sobre os gnomos.

No presente ano incrementase dunha maneira significativa a difusión (2) dos audiovisuais establecendo concertos con diversas entidades, concellos, deputacións, etc. para proxectalos en numerosos centros de Ensino de Galicia.

(1) Para establecer contactos co "Obradoiro" dirixirse a Miguel A. Bouzada. Rúa Poboadores, 42. Vigo. Tfno. 438097.

(2) Os audiovisuais dispostos para proxectar son: Eduardo Blanco Amor, Antroido de Laza, Poética I, Alvaro Cunqueiro, Lois Amado Carballo, M. Leiras Pulpeiro, O Mar, O xogo e o xoguete, Castelao (En preparación).

(3) Nun próximo número especificaranse as características de cada un destes audiovisuais.

O N.º 8 de "O Ensino", revista galega de socio-pedagogía e socio-lingüística

O N.º 8 de "O Ensino" revista galega de socio-pedagogía e socio-lingüística que edita Galiza Editora e que promove a Asociación Socio-Pedagóxica Galega está xa nas librerías. Este novo número ten unha editorial que trata da renovación pedagóxica en Galiza, na que se analiza cais son as funcións que debe cumprir e as componentes fundamentais que debe ter por obxectivos. No apartado de pedagogía ofrece un artigo sobre "Escola e paz" no que se analiza o por qué as escolas son institucións violentas e aporta propostas para evitar, no posibel, a violéncia das entidades educativas. Na sección de planificación educativa fai-se un estudo do Proxecto de Estructura da Función Pública Docente tan de actualidade polas últimas folgas do profesorado que rexeita maioritariamente tal proxecto. O artigo analiza os antecedentes do Decreto, primeiro proxecto, retirado despois polo MEC, e o novo "Documento de Bases para a elaboración do Estatuto de Profesorado" elaborado polos expertos seleccionados polo MEC. O artigo pretende aclarar as razóns polas que o profesorado non acepta tal proxecto.

A sección de psicoloxía trata de "Unha aproximación ao rendimento escolar desde a perspectiva da psicoloxía cognitiva" e fai un estudo da teoría da autoeficacia no contexto da aprendizaxe social e do carácter auto-referente da nosa conciencia, pasando logo ao rendimento e motivación escolares, para rematar coas conclusións. A sección de lingüística está representada neste número polo artigo, "A formazón de novos campos léxicos" no que analiza o léxico dos alumnos na aula, como se estrutura ese léxico, as carencias e lagoas vocabulares, de como se pode recuperar, depurar e actualizar. Como se poden elaborar novos campos léxicos, o material lexicográfico co que contamos e remata o artigo facendo unha aportación práctica elaborando o léxico do fútbol. O apartado de literatura conta con dous artigos, un trata de "Apontamentos sobre a personalidade de Rosalía vista por algúns contemporáneos seus" e outro versa de "Mar, amor e erotismo nas cantigas de amigo".

A reportaxe deste número fai un relato dos sucesos e feitos acaecidos no Instituto de Formación Profesional de Riveira pero causa de "Conflicto polo ensino da Educación Sexual" que serviu de desculpa para tentar o control ideolóxico do centro por forzas reaccionarias. Reproducen-se dous oficios da Consellería de Educación da Xunta, en perfecto español, así normalizan o galego, que non teñen perda.

Na sección "Afiando o lápiz" fai-se a

crítica aos libros: A Cultura en Portugal de A.J. Saraiva, A Farmaçao Sociopsicopedagógica de Formadores: Uma proposta de currículo de L. Cortesão e outros e O Discurso Ideológico do Neo-Realismo Português de Carlos Reis. A análise fai-se desde a óptica da valoración de cada libro e das aportacións que poden traer ao profesorado galego. Remata o número 8 con noticias de o ensino. A revista pode atopar-se nas librerías, pero se alguen se quere subscribir ou colaborar pode dirixir-se ao Apartado 1.102 de Ourense onde está a Redacción e a Administración.

Primeira convocatoria de traballos escritos sobre "Historia da Galicia Cinematográfica"

A Federación de cineclubes de Galicia convoca un concurso de traballos escritos realizados ó longo deste ano, de cara a promover e estimular a investigación cinematográfica no país galego.

O obxecto do concurso é a investigación historiográfica sobre un tema, un autor, unha obra ou calquera aspecto relevante, pasado ou presente en relación cos diferentes eidos da imaxe en cine ou en vídeo.

Preténdese impulsar e divulgar así a vida cinematográfica desensolada en Galicia a partir dos seus compoñentes, resaltando os feitos notables que houbera, os persoeros importantes que a protagonizaron, as obras de prestixio, etc. Unha vida cinematográfica que comenzo no noso país coa chegada do cinematógrafo en 1896 e que se prolonga ata o tempo presente, unha vida chea de creadores (directores, operadores, actores...), empresarios (distribuidores, exhibidores, produtores...), por técnicos cualificados, por guionistas e escritores "de" ou "sobre" cine (historiadores, críticos...), por obras (películas), persoeros e institucións (os cineclubes...), que son todos xuntos, as pezas básicas da Cinematografía Nacional Galega, a percura dunha normalización real e efectiva.

NORMAS

a) Cada traballo escrito terá unha extensión mínima de 20 folios e máxima de 40 folios, mecanografiados a dobre espacio. Presentaranse acompañados de dúas copias, quedando excluídas desta obriga o material gráfico ou documental que se adxunte.

b) A Federación de Cineclubes de Galicia nomeará un xurado que concederá un primeiro premio de 50.000 pts., un segundo de 30.000 pts. e un terceiro de 20.000 pts. O xurado estará tamén facultado para emitir xuízos por escrito sobre outros traballos presentados que merezan interese.

c) Os textos premiados, así como os que o xurado considere de certo interese, publicaranse nun tomo en galego con título xenérico a determinar, a editar a finais de ano, percurando a axuda dunha institución pública galega para financiar a súa edición. A Federación abonaría unha cantidade de 5.000 pts, a todo aquel traballo non premiado pero merecente de divulgación.

d) Os traballos deberán enviarse a nome da Federación de Cineclubes de Galicia, Apartado 512. Ourense. O prazo para a súa presentación rematará o vindeiro día 30 do mes de setembro.

MAXISTERICO



PEPE CARREIRO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

